

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 7 DE OUTUBRO DE 2016

**LICENZAS
FAVORABLES.-**

LIC/194/2016.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS.- Conceder a licenza para executar as obras de instalación dun ascensor en edificio plurifamiliar sito na rúa Doutor Maceira nº 10.

PARCELAMENTO.-

LIC/525/2016.- INVERSIONES GALLEGAS CASVAZ, S. L.- Autorizar a licenza de parcelamento proposta sobre as parcelas de orixe, incluídas no ámbito do Polígono do Tambre

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de instalación dun ascensor en edificio plurifamiliar sito na rúa Doutor Maceira, nº 10. LIC/194/2016. Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á autorización da licenza de parcelamento proposta sobre as parcelas de orixe, incluídas no ámbito do Polígono do Tambre. LIC/525/2016. Apróbase a proposta.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á cesión do contrato da execución das obras para a mellora de mobilidade e accesibilidade barrio Vista Alegre - Fase II - Cesión contrato a favor de EULOGIO VIÑAL S.A. (CON/25/2014). Acórdase a cesión do contrato de execución das obras da Fase II de Vista Alegre, formalizado coa empresa Petrolam A Veiga S.L a favor da entidade Eulogio Viñal S.A, que quedará subrogada en todos os dereitos e obrigas que lle corresponderían á cedente.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aprobación do proxecto básico e de execución para a instalación de ascensor no aparcamento soterrado da Praza de Galicia. Apróbase a proposta.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á formalización da cesión gratuíta a favor do Concello da parcela 1480 de Sabugueira-Carballal para espaxamento dos veciños e descanso dos peregrinos do Camiño de Santiago. Acórdase aceptar a cesión gratuíta ao Concello da parcela 1480 de Sabugueira-Carballal por parte da Secretaría Xeral de Patrimonio do Estado, cesión que foi solicitada polo Concello á vista do pedimento da AVV Ruta Xacobeá.

8.- Proposta da alcaldía relativa á aprobación do protocolo de colaboración para a organización do programa Youtubeir@s, e posta en marcha do dito programa. Apróbase o protocolo de colaboración entre os concellos de Santiago, A Baña, Coruña, Ames, Carballo, Mazaricos, Ourense, Pontevedra, Ribadeo, Teo e O Grove e as Universidades de Santiago, A Coruña e Vigo para a organización do programa Youtubeir@s, que terá como obxectivo incrementar o uso do galego como lingua vehicular dos audiovisuais que se producen e transmiten a través das principais plataformas de difusión de vídeo en Internet, procurar a incorporación de contidos propios da nosa cultura, ampliar a difusión social dos vídeos en galego dispoñibles na rede, contribuír á revalorización da lingua grazas á súa inclusión nos espazos, contidos e canles vixentes na actualidade,

9.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á nova concesión do uso das hortas municipais de Belvís de Arriba. Apróbase outorgar as autorizacións do uso das hortas urbanas municipais de Belvís segundo a elección realizada por elas no acto público celebrado o 13 de xullo de 2016, e apróbase a lista de agarda.

10.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa á aprobación do texto do convenio de colaboración entre o concello de Santiago e a fundación Secretariado Xitano para 2016. Apróbase o convenio de colaboración, que supón unha achega do Concello á Fundación Secretariado Xitano de 23.000 euros.

11.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa á aprobación do texto do convenio entre o concello de Santiago e o colexio oficial de Psicoloxía de Galicia para 2016. Apróbase o convenio, que supón unha achega do Concello ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia de 18.000 euros.

12.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa á aprobación do expediente, gasto e apertura do procedemento de adxudicación do "Servizo de implementación do programa municipal de apoio para a inclusión social". Apróbase o expediente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 33.777,68 euros, exento de IVE.

13.- Proposta da alcaldía relativa á autorización da devolución da fianza para responder do contrato de "Servizo de actualización e mantemento do Observatorio Urbano Socioeconómico do Concello de Santiago". Apróbase a proposta.

14.- Dar conta do informe do director xerente da empresa TUSSA sobre a viabilidade da xestión directa do servizo de ORA e guindastre. Dáse conta

URXENCIAS

1.-Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa á aprobación do proxecto de texto do regulamento do Consello Municipal de Educación. Apróbase o regulamento do Consello Municipal de Educación, que terá como obxectivo informar, estudar e deliberar entre todos os sectores do municipio para promover a mellora da calidade do ensino en Compostela.

2.- Proposta de alcaldía relativa á aprobación da adhesión do Concello de Santiago, como membro observador, á "Unión das cidades capitais de lingua portuguesa" (UCCLA). Apróbase a proposta.

3.-Proposta relativa á convalidación da solicitude e aceptación da resolución da concesión da subvención para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico, con destino ás bibliotecas públicas integradas na Rede de Bibliotecas de Galicia. Dáse conta da concesión da subvención da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria por un importe de 4.740,25 euros para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico para a biblioteca pública municipal José Saramago.

4.-Proposta da concelleira delegada e Acción Cultural relativa á prórroga do contrato de prestación do Servizo de mantemento da climatización dos centros socioculturais de Ensanche, Fontiñas Vite, Marrozos, Nemenzo, Lamascal e Busto. Acórdase prorrogar o contrato asinado coa empresa Viplaro S.L. polo prazo de dous anos, a contar desde o 18 de outubro de 2016 ata o 17 de outubro de 2018. O importe anual será de 3.213,76 euros, IVE incluído.

5.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural e Equilibrio Territorial relativa á adxudicación do contrato Servizo de conservación, mantemento e reparación de pavimentos nos viarios municipais do termo municipal, excluído o ámbito do recinto intramuros da cidade histórica. Lote 1: ámbito plan especial da cidade histórica excluído o recinto intramuros. Lote 2: ámbito urbano e periurbano excluído o plan especial da cidade histórica. Lote 3: ámbito do medio rural. Adxudícase o contrato de referencia á empresa Obras y Viales de Galicia S.L, que acadou a máxima puntuación nos tres lotes, ao ser a súa a oferta máis vantaxosa das presentadas. O Lote 1 ten un orzamento de 72.600 euros para 2016 e de 152.400 euros para 2017; o Lote 2, un orzamento de 148.800 euros para 2016 e 551.200 euros para 2017; e o Lote 3 conta cun orzamento de 72.600 euros para 2016 e de 202.400 euros para 2017.